

REGULAMENTO DE CONDECORACIÓNS

CAPÍTULO I.- OBXECTO.

Artigo 1.

O presente regulamento ten por obxecto a regulación dos distintivos e nomeamentos honoríficos encamiñados a premiar especiais merecementos, cualidades e circunstancias singulares que concorran nos galardoados, persoas físicas ou xurídicas

Artigo 2.

Tódalas distincións a que faga referencia este regulamento teñen carácter exclusivamente honorífico, sen que, por tanto, outorguen ningún dereito administrativo nin de carácter económico.

Artigo 3.

Ningún distintivo honorífico nin nomeamento poderá ser outorgado a persoas que desenvolvan altos cargos na Administración e respecto dos que se encontre a corporación en relación subordinada de xerarquía, función ou servicios, en tanto subsistan estas circunstancias.

CAPÍTULO II.- DOS DISTINTIVOS HONORÍFICOS.

Artigo 4.

O concello de Teo crea a medalla da vila de Teo nas súas categorías de ouro, prata e bronce.

Artigo 5.

A medalla conterá, nas súas tres categorías, o escudo gravado deste concello.-

Artigo 6.

Coas medallas premiaranse especiais merecementos, beneficios sinalados ou servicios extraordinarios.-

CAPÍTULO III.- DOS NOMEAMENTOS.

Artigo 7.

O pleno da corporación poderá conferi-los nomeamentos de:

- *Fillo predilecto*
- *Fillo adoptivo*
- *Membro honorario da corporación*

Artigo 8.

Cos nomeamentos premiaranse méritos, cualidades e circunstancias singulares que concorran nos galardoados

Artigo 9.

Os nomeamentos de membros honorarios da corporación non outorgarán, en ningún caso, facultades para intervir no goberno ou administración da corporación, pero o alcalde titular ou o concello poderánlle encomendar funcións representativas

CAPÍTULO IV.- OTRAS DISTINCIÓNS HONORÍFICAS.

Artigo 10.

O pleno da corporación poderá designar unha vía pública, complexo urbano ou instalación municipal co nome dunha persoa vinculada a cidades, recoñecendo con isto especiais merecementos ou servicios extraordinarios.

Pleno 29/09/1998.